

Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, día 9 de maio de 2022, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023, a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar sesión **ordinaria** de Xunta de Goberno:

DÍA: 9 de maio de 2022

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Mediante o sistema de videoconferencia a través do seguinte enlace:

<https://call.lifesizecloud.com/3891540>

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2022/12L/XGL PRESIDENCIA

Acta da sesión anterior, ordinaria, do día 2 de maio de 2022.

2. 2022/6631V PRESIDENCIA

Resolución do concurso público de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e de autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU.

3. 2022/310N PRESIDENCIA

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2022, relativa á obra municipal 21/POS/2022, no termo municipal de Cartelle.

4. 2022/6042A PRESIDENCIA

Subvención á Diocese de Astorga para a pavimentación do terreo circundante á Igrexa Parroquial de Vilamartín de Valdeorras.

5. 2022/6524W PRESIDENCIA

Subvención a Escudería Ourense para a celebración do Rallye Ourense correspondente ó ano 2022.

6. 2022/530W PRESIDENCIA

Subvención ó Concello do Bolo para a execución das obras de mellora na estrada de Teixido.

7. 2022/1789M PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Porqueira para o proxecto de humanización de rúas en San Lorenzo, ano 2021.

8. 2022/551T PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Punxín para a execución de obras no Centro de Saúde.

9. 2022/553W PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Punxín para a execución da obra “Sendeiro grupo escolar/A Castiñeira”.

10. 2021/13900C PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Rairiz de Veiga para o cofinanciamento do IDAE.

11. 2022/282F PRESIDENCIA

Subvención ó Concello da Rúa para a segunda fase da urbanización da rúa Coballo, correspondente ó exercicio 2022.

12. 2022/562B PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Rubiá para a execución das obras de pavimentación no núcleo rural do Real.

13. 2022/563N PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Rubiá para a execución das obras de pavimentación no núcleo de Vilar da Silva.

14. 2022/560D PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Rubiá para a execución das obras de reparación de fochas en pistas municipais.

15. 2022/558F PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Rubiá para a execución das obras de acondicionamento de espazos públicos.

16. 2022/564J PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de San Cibrao das Viñas para a execución das obras de sinalización vertical en núcleos de poboación.

17. ASUNTOS DE URXENCIA.

18. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

19. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.